

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Anuncio da lista provisional de persoas admitidas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a en xestión cultural (grupo A2), como persoal funcionario de carreira OPE 2024

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 462/2026 de 18 de maio (*Exp. núm.: 2026/G003/000470*) adoptáronse os seguintes acordos:

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 340/2026, do 14 de abril, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 72, do 20 de abril de 2026, pola que se aprobaron as bases reguladoras do proceso selectivo, mediante promoción interna e polo sistema de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a en xestión cultural, como persoal funcionario/a de carreira, grupo A2 (*Exp. núm. 2025/E001/000012*), incluída na Oferta de Emprego Público ordinaria do ano 2024 do Concello de Muros, publicada no BOP núm. 248, do 26 de decembro de 2024.

Visto o anuncio da convocatoria do citado proceso selectivo publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 105, do 30 de abril de 2026.

Vista a solicitude presentada para participar no referido proceso selectivo e rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co previsto na base 7 das que rexen a convocatoria,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión como persoal funcionario/a de carreira dunha praza de praza de técnico en xestión cultural, incluída na oferta de emprego publico do Concello de Muros do ano 2024.

Persoas admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
Pastoriza Fernández, David José	44831948A

Persoas excluídas:

Non hai.

SEGUNDO. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (taboleiro electrónico: <https://sede.muros.gal>).

TERCEIRO. Conceder un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para formular reclamacións ou alegar omisións.

Muros, 18 de maio de 2026

María Lago Lestón

Alcaldesa do Concello de Muros

2026/3236